

Creacións Audiovisuais como proposta educativa P1901014

Xoves 20 e 27 de febreiro
Xoves 5, 12 e 26 de marzo

IES RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA
LALÍN

ASESORA RESPONSABLE:
[sandraseijas@edu.xunta.es](mailto:sandrasedijas@edu.xunta.es)



CFR
PONTEVEDRA

Obxectivos:

1. Diseñar pequenos artefactos de aprendizaxe dirixido ás aulas.
2. Manexar ferramentas na Rede, software libre e aplicacións en dispositivos móbiles.
3. Descubrimento de novos modelos de ensino-aprendizaxe. Flipped Classes .
4. Dominar o uso didáctico dos programas de audio e video (Shotcut e Audacity).
5. Realizar un pequeno proxecto ou proceso de produción dunha experiencia didáctica denominada CONTIDOS...CON SENTIDOS.
6. Aportar ao profesorado competencias necesarias para levar a cabo a edición de vídeos sinxeos, o tratamento de imáxenes, efectos especiais e audio.
7. Xerar un espazo de reflexión teórica e crítica da alfabetización mediática e hipermediática.
8. Fomentar a educación en medios.
9. Enfocar o concepto de educación en comunicación como un factor clave para capacitar a cidadanía na interpretación crítica das mensaxes e na reflexión sobre os modelos sociais que reciben a través deles. A educación en comunicación permite que podamos ser actores sociais e non suxeitos pasivos.

Contidos :

- Conceptos básicos nunha peza audiovisual.
- Deseño e planificación: creación de contidos, abstracción da información, creación de mensaxes, entrenamento do ollo fotográfico e elaboración de guións.
- Emprego de ferramentas TIC diversas.
- Gravación e edición.
- Aplicación do audiovisual nas aulas. Tipos de actividades e a súa contribución á adquisición das competencias clave.
- Coñecementos básicos do manexo dunha cámara de fotos ou vídeo.
Equipos e técnicas
- Ferramentas de intercambio, elaboración e colaboración que nos ofrezca rede.
- Programas de edición audiovisual.



Temporalización:

Xoves 20 de 16:30 -20:00

Relatora: Antía Ameixeiras

- Evaluar os coñecementos previos
- Presentar dos conceptos básicos nunha peza audiovisual. Explicar de xeito rápido e sinxelo das competencias necesarias para levar a cabo a gravación e edición de vídeos sinxelos.
- Tratar os dereitos de autoría: Copyright e copyleft. Cesión de dereitos de imaxe.
- Diseñar e planificación: creación de contidos, abstracción da información, creación de mensaxes e elaboración de guións.
- Facer unha práctica de creación de guión e gravación dun minivídeo.

Xoves 27 de 16:30 -20:00

Relator: Manolo Maseda

- Realizar un pequeno proxecto ou proceso de produción dunha experiencia didáctica denominada CONTIDOS... CON SENTIDOS. Contextualizar un contido didáctico en un vídeo-minuto. Vai acompañado de exercicios para coñecer os tipos de plano, os movementos de cámara e as técnicas básicas de gravación e edición. Tamén se analizan diversas pezas audiovisuais e se reflexiona sobre a relación entre as emocións, as imaxes e a toma de decisións.
- Xerar un espazo de reflexión teórica e crítica da alfabetización mediática e hipermediática, así como dos conceptos de: educomunicación, recepción crítica, educación para os medios, educación cos medios, educación a través dos medios e educación en medios.

Xoves 5 de 16:30 -20:30

Relatora: Antía Ameixeiras

- Facer unha segunda práctica de creación de guión e gravación dun minivídeo, aplicando conceptos de composición da escea, estética e narrativa.
- Explicar os pasos a seguir na edición e montaxe dunha peza audiovisual con Shotcut, o tratamento de imaxes, efectos especiais e audio.
- Editar a practica de gravación realizada.

Xoves 12 de 16:30 -19:30

Relatora: Antía Ameixeiras

- Coñecer e aplicar os efectos de edición de vídeo, ralentizado, acelerado, corrección de cor, branco e negro, etc.
- Aprender a exportar e coñecer os formatos de vídeo e audio.
- Coñecer as ferramentas de intercambio, elaboración e colaboración que nos ofrece a rede: youtube, pinterest, issuu, dropbox, conversores de formato de arquivos multimedia online...
- Publicación na rede de contidos audiovisuais
- Exposición do material elaborado e posta en común.

Avaliación e comunicacións da superación da fase ONLINE.

Xoves 26 de 16:30 -20:30

-Experiencias Centros